

Catálogo de entidades de economía social en Santiago de Compostela

Índice

1. Introducción	5
2. A economía social	9
Conceptos básicos	10
Metodoloxía	13
A economía social en Santiago de Compostela	17
3. Entidades de Economía Social no Concello de Santiago	21
As cooperativas	22
Cooperativas de segundo grao	26
Cooperativas de traballo asociado	27
Cooperativas de persoas consumidoras e usuarias	40
Cooperativas de servizos	42
Cooperativas de vivendas	43
Cooperativas de servizos sociais	45
Mutualidades	46
Sociedades laborais	48
Empresas de inserción	53
Centros especiais de emprego	57

Edición

Concello de Santiago de Compostela
Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo


Elaboración

Promove Consultoría e Formación SLNE
www.promoveconsultoria.com

Deseño gráfico e maquetación

Jorge Fuentes
www.jorgefuentes.net

Introducción



A situación actual demanda reforzar a aposta de futuro pola economía social e dar un salto cualitativo que permita recoñecer as importantes achegas que realiza á sociedade, así como as oportunidades de mellora económica e social que ofrece.

A Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago, no ámbito das súas competencias, ten entre os seus obxectivos realizar unha labor de fomento e apoio deste tipo de entidades. Non obstante, calquera actuación precisa primeiramente dun coñecemento profundo do mesmo, polo que esta diagnose responde á necesidade de coñecemento da economía social que se desenvolve no concello, para a súa posterior dinamización.

Esta diagnose sobre a Economía Social en Santiago de Compostela será polo tanto, unha radiografía da situación das empresas e entidades deste tipo presentes no concello, que cuantifique e caracterice este tipo de entidades, e que sirva, por unha banda, de base para o deseño de futuras accións encamiñadas ao seu fomento e dinamización e, por outro lado, para dar visibilidade ás accións, proxectos e valores das entidades que operan na actualidade no concello.

Cabe destacar que a diagnose está formada por unha mostra representativa de 61 entidades que accederon a facilitar os datos para aparecer neste catálogo.

A economía social



Conceptos básicos

Que é a Economía Social?

A economía social engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que perseguen, ben o interese colectivo das persoas que o integran, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos os dous, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.

Que diferenza a Economía Social?

A economía social contribúe a un modelo económico sustentable no que **as persoas son máis importantes que o capital** e que pon en evidencia un modelo de empresas que non se caracteriza polo tamaño ou polo sector de actividade, senón polo **respecto aos valores comúns**, e cuxo motor principal non é a rendibilidade financeira, senón os **beneficios para toda a sociedade**.

Cales son os valores que inspiran a Economía Social?

Segundo a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, as entidades de economía social están inspiradas polos valores de **axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas**.

Cales son os principios orientadores da Economía Social?

As entidades de Economía Social están informadas polos seguintes **principios orientadores**:

- **A primacía das persoas e do fin social** sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, que en relación coas súas achegas ao capital social.
- **A aplicación dos resultados obtidos** da actividade económica, principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou da actividade realizados polas socias e os socios ou polas persoas integrantes, se for o caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sustentable, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.

Metodoloxía

- **A promoción da solidariedade** interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e máis a sustentabilidade.
- **A independencia** respecto dos poderes públicos.
- **O compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.
- **O fortalecemento da democracia** institucional e económica.

Cales son as entidades da Economía Social?

Forman parte da economía social de Galicia:

- As sociedades cooperativas galegas.
- As mutualidades.
- As fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica.
- As sociedades laborais.
- As empresas de inserción.
- Os centros especiais de emprego.
- As confrarías de pescadores.
- As sociedades agrarias de transformación.
- As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.
- As entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na Lei de Economía Social, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

Tamén poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios orientadores antes descritos, e que sexan incluídas no Catálogo de entidades da economía social.

O presente Catálogo foi elaborado a partir dunha Diagnose previa de Entidades Economía Social en Santiago de Compostela que se desenvolveu en tres fases:

• **Fase 1. Identificación de fontes de información, a partir da caracterización de Entidades de Economía Social recollidas na Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.**

Nesta primeira fase investigáronse as principais fontes secundarias relacionadas coas entidades de Economía Social:

TIPO DE ENTIDADE	FONTES
As sociedades cooperativas galegas	Rexistro de Cooperativas Xunta de Galicia / AGACA / UGACOTA
As mutualidades	Consellería de Facenda (previsión social)
As fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica	Consulta Consellerías de Economía, Emprego e Industria
As sociedades laborais	Rexistro de Sociedades Laborais Xunta de Galicia / AESAL
As empresas de inserción	Rexistro de Empresas de Inserción Xunta de Galicia / AEIGA
Os centros especiais de emprego	Rexistro de Centros Especiais de Emprego Xunta de Galicia / CEGASAL
As confrarías de pescadores	Federación Galega de Confrarías (non hai en Santiago)
As sociedades agrarias de transformación	Rexistro de Sociedades Agrarias de Transformación (SATs)
As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común	Consellería do Medio Rural (non hai en Santiago)
As entidades singulares creadas por normas específicas	Consulta Consellería de Economía, Emprego e Industria

A través desta acción foron identificadas 140 entidades de Economía Social no concello de Santiago:

- 80 cooperativas
- 30 sociedades laborais
- 25 centros especiais de emprego
- 3 empresas de inserción
- 2 mutualidades

• **Fase 2. Contacto coas entidades de Economía Social**

Nesta segunda fase procedeuse ao envío dun formulario online a todas aquelas entidades de economía social das que se dispoñía de enderezo electrónico. Os campos a recoller no formulario de recollida de información foron os seguintes:

PRINCIPIOS COOPERATIVOS
Nome
Razón Social
Tipo de entidade de economía social
Data de constitución
Número de socias / os
Número de traballadoras / es
Enderezo
Teléfono
E-Mail
Páxina web
Produto ou servizo
Valores
Asociacionismo

Sobre a información recollida a partir dese formulario, realizouse un extracto para a incorporación das fichas, da forma máis homoxénea posible, ao presente catálogo.

• **Fase 3. Rolda de chamadas**

Nesta terceira fase procedeuse a facer chamadas telefónicas co mesmo obxectivo ás empresas das que non se tiña localizado o correo electrónico ou ben non contestaron ao mail na fase anterior nos 10-15 días posteriores.

A economía social en Santiago de Compostela

• Fase 4. Visitas presenciais

Nesta cuarta fase procedeuse a realizar visitas presenciais a todas aquelas entidades das que non se houberen obtido datos nas fases anteriores.


Como resultado destas catro fases obtivéronse datos de 61 entidades de economía social con actividade no Concello de Santiago, en base ás cales se mostran os datos desta diagnose. No seguinte cadro móstranse os resultados acadados tralas catro fases do traballo de campo:

			LIQUIDADAS	SEN RESPONSA	DECLINAN PARTICIPAR	LIQUIDADAS/SEN RESPONSA/DECLINAN PARTICIPAR	TOTAL NO CATÁLOGO	
Sociedade Cooperativa	80	Cooperativa de Traballo Asociado	45	11	6	2	19	26
		Cooperativa de Vivendas	20	10	5	1	16	4
		Cooperativa de persoas consumidoras e usuarias	3	1			1	2
		Cooperativa de segundo grao	2					2
		Cooperativa de Servizos Sociais	1					1
		Cooperativa de Servizos	4	2	1		3	1
		Integración social	1		1		1	0
		Transportistas	2		1	1	2	0
		Agrarias	2	1	1		2	0
Centro Especial de Emprego	25	8	1		9	16		
Sociedade Laboral	30	19	4	1	24	6		
Empresa de Inserción	3			1	1	2		
Mutualidade de previsión social	2			1	1	1		
TOTAL	140	52	20	7	79	61		


A continuación móstranse os distintos tipos e as principais características das entidades de economía social de Santiago de Compostela recollidas neste catálogo.

Sobre as 61 entidades de Economía Social contactadas, destacan as Sociedades Cooperativas como as máis numerosas, representando máis da metade en canto ao número total de entidades. Destacan en segundo lugar os Centros Especiais de Empleo, que supoñen unha cuarta parte do total en canto ao número de entidades. As Sociedades Laborais, co 10%, sitúanse en terceiro lugar, seguidas polas Empresas de Inserción, co 3% e as Mutualidades, cun 2%.


Cabe sinalar que os datos amosados nas fichas de cada unha das entidades de economía social presentes neste catálogo foron aportadas polas propias entidades.




A Economía Social do Concello de Santiago é moi dinámica, como se pode ver no gráfico sobre a evolución na creación de entidades. Case a metade das entidades presentes neste catálogo foron creadas nos últimos 5 anos e tan só o 6,7% teñen máis de 25 anos de antigüidade.



Polo que respecta ao seu tamaño, en canto ao número de persoas socias e persoas traballadoras, o habitual son as entidades de pequeno tamaño, cun número menor de 5 de ambas as dúas categorías. Como se pode observar na seguinte gráfica, case 3 de cada 4 entidades están formadas por menos de 5 persoas socias.



No caso das persoas traballadoras, a porcentaxe máis significativa, con máis da metade, corresponde (como sucede co número de persoas socias), coas entidades compostas por un cadro de persoal inferior a 5 persoas. É de destacar que o 20% das entidades teñen un cadro de persoal formado por entre 6 e 10 persoas traballadoras. Cabe subliñar que nas entidades de economía social detectadas **traballan un total de 929 persoas**.



Entidades de Economía Social no Concello de Santiago



As cooperativas

As cooperativas son sociedades de capital variable que, cunha estrutura e xestión **democrática** e en réxime de **libre adhesión** e baixa voluntaria, desenvolven unha empresa de propiedade conxunta, a través da realización de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios e socias, e en **interese pola comunidade**, mediante a participación activa deles. Os resultados son distribuídos en función da actividade cooperativizada.

A xestión e o goberno das cooperativas correspóndenlles exclusivamente a esta e aos/as seus/súas socios/as.

As sociedades cooperativas deben axustarse na súa estrutura e funcionamento aos principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

PRINCIPIOS COOPERATIVOS
Adhesión voluntaria e aberta
Xestión democrática por parte das/dos asociadas/os
Participación económica das/dos asociadas/os
Autonomía e independencia
Educación, formación e información
Cooperación entre cooperativas
Preocupación pola comunidade


Nas sociedades cooperativas, como norma xeral, o capital social mínimo é de 3.005,06€ e as persoas socias responderán das débedas sociais só ata o límite das súas achegas ao capital social.

As cooperativas clasifícanse en:


- cooperativas de segundo grao
- cooperativas de traballo asociado
- cooperativas mixtas de traballo asociado
- cooperativas agrarias
- cooperativas de explotación comunitaria da terra
- cooperativas de consumidores e usuarios
- cooperativas de servizos
- cooperativas de transportistas
- cooperativas do mar
- cooperativas de explotación dos recursos acuícolas
- cooperativas de vivendas
- cooperativas de ensino
- cooperativas de integración social
- cooperativas de servizos sociais
- cooperativas sanitarias
- cooperativas de crédito
- cooperativas de seguros
- cooperativas sen ánimo de lucro
- cooperativas xuvenís

A continuación mostramos as características das 36 Sociedades Cooperativas do Concello de Santiago de Compostela recollidas neste catálogo.


Do total de sociedades cooperativas, as máis numerosas son as de traballo asociado, que representan o 72%. Séguelles por importancia, segundo número de entidades, as cooperativas de vivendas.



Nas sociedades cooperativas do concello de Santiago traballan máis de 150 persoas. Sen embargo como se pode comprobar na gráfica a maior parte de cooperativas compostelás teñen un reducido tamaño, pois o 57% das mesmas contan cun cadro de persoal de ata 5 persoas.



As sociedades cooperativas presentes en Santiago son relativamente recentes, así máis do 60% das mesmas constituíronse no último lustro.



Cooperativas de segundo grao

As cooperativas de segundo grao estarán formadas como mínimo por dúas sociedades cooperativas, da mesma ou distinta clase, e outras persoas xurídicas públicas ou privadas, sempre que non superen o 25% do total de persoas socias, e que teñen por obxecto promover, coordinar e desenvolver fins económicos comúns das súas entidades membro, así como reforzar ou integrar a actividade económica delas.

Ningunha persoa socia destas cooperativas poderá posuír máis do 50% do capital social da cooperativa de segundo grao.

A continuación móstranse as fichas das 2 Sociedades Cooperativas de Segundo Grao que forman parte do catálogo:

NOME	HORTA DE GALICIA
RAZÓN SOCIAL	HORTA DE GALICIA, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de segundo grao
DATA DE CONSTITUCIÓN:	15/03/1994
NÚMERO DE SOCIAS/OS	Dúas cooperativas socias
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	2
ENDEREZO	R/ Transversal Couso, 18 - 36770 - O Rosal (Pontevedra)
TELÉFONO	986 626 000
MAIL	hortagalicia.comercial@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Produtos de horta de Galicia: tomates, pemento Padrón, pemento branco, cebolas, etc.
VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Unión de Cooperativas AGACA

NOME	APROLACT S. COOP. GALEGA
RAZÓN SOCIAL	APROLACT S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de segundo grao
DATA DE CONSTITUCIÓN:	11/02/2013
NÚMERO DE SOCIAS/OS	6
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	Ningún
ENDEREZO	R/ Tomiño 22, entreplanta. 15703
TELÉFONO	981584911
MAIL	agaca@agaca.coop
PRODUTO OU SERVIZO	Organización de Produtores para comercialización do leite de vaca dos socios
VALORES	No marco do RD 1363/2012, do 2 de outubro, créase o chamado "paquete lácteo", centrado na negociación e comercialización conxunta do leite de vaca dos socios das cooperativas. Os valores deste proxecto son, polo tanto, mellorar o equilibrio da cadea de valor no sector lácteo, reforzando a posición negociadora dos produtores, e aumentar a transparencia do sector.
ASOCIACIÓN	Unión de Cooperativas AGACA

En Santiago hai 2 sociedades cooperativas de segundo grao, con moi diferentes características. Así, mentres unha ten unha experiencia de máis de 20 anos, a outra constituíuse en 2013. Ambas son do sector primario.

Cooperativas de traballo asociado




As cooperativas de traballo asociado están formadas por persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativa, podendo constituírse e funcionar con tres persoas socias. Estas cooperativas teñen por obxecto a prestación do traballo das persoas socias, proporcionándolles emprego, para producir en común bens e servizos para terceiros.

As persoas socias teñen dereito a percibir periodicamente, no prazo non superior a un mes, un anticipo en contía similar ás retribucións da zona e do sector de actividade, segundo a súa categoría profesional. Este anticipo poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, tendo en conta a xornada laboral realizada. O retorno cooperativo percibirase en función do anticipo, agás que os estatutos prevexan outro criterio en razón da actividade cooperativizada.

As persoas socias traballadoras están obrigadas a afiliarse á Seguridade Social, optando nos estatutos da cooperativa polo réxime correspondente, e gozarán de todos os beneficios da Seguridade Social nos mesmos termos, extensión e condicións existentes para o resto de traballadores/as, segundo o réxime elixido.

A continuación móstranse as fichas das 26 Cooperativas de Traballo Asociado que forman parte do catálogo:

O 69% das Cooperativas de traballo asociado son de recente creación, xa que se constituíron no último lustro. O 77% teñen menos de 5 persoas socias, porén hai que destacar que o 19%, contan con entre 0 e 20 persoas socias. Nelas traballan 131 persoas, sen embargo o cadro de persoal máis habitual está formado por menos de 5 persoas (69%).



NOME	PULPONOR
RAZÓN SOCIAL	PULPONOR, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	14/02/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Sixto-Marrozos, Rúa de Xubris, 31
TELÉFONO	649551328
MAIL	info@pulponor.com
PÁXINA WEB	http://www.pulponor.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Cooperativa centrada na distribución de produtos conxelados, onde a principal actividade céntrase na distribución de polbo conxelado da mellor calidade e cun sistema de embalaxe exclusiva e totalmente natural a profesionais do sector: polbeiros/as, restauración en xeral e grandes superficies, contando tamén con servizo para particulares a través da web. Realízase ademais distribución doutros produtos como bebidas, xeo, aceite, etc.
VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Non

NOME	7H COOPERATIVA CULTURAL
RAZÓN SOCIAL	7H, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	06/03/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	57
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	9
ENDEREZO	Cem da Fundación Cidade da Cultura, Centro Gaiás s/n
TELÉFONO	661549006
MAIL	anaolveira@7hcoop.es
PÁXINA WEB	http://www.7hcoop.es/
PRODUTO OU SERVIZO	Creación e Acción cultural
VALORES	Sete son os principios que rexen as cooperativas: adhesión libre e voluntaria, control democrático, participación económica dos socios, autonomía e independencia, educación, capacitación e información, cooperación entre cooperativas e compromiso coa comunidade.
ASOCIACIÓN	EspazoCoop

NOME	ALGALIA
RAZÓN SOCIAL	ALGALIA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	29/11/2000

NÚMERO DE SOCIAS/OS	7
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	7
ENDEREZO	R/ República Arxentina, 40 Entr. 4 – 15701
TELÉFONO	986 379 587
MAIL	algalia@algalia.com
PÁXINA WEB	http://algalia.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Asesoramento económico, sociolaboral, legal e xestión de subvencións Consultoría en estratexia corporativa e competitiva Consultoría en xestión de persoas Consultoría en procesos Consultoría económica
VALORES	Honradez, que se manifesta no compromiso cos valores éticos, na transparencia da información e na confianza depositada nas persoas. Profesionalidade, que se manifesta na actualización e adquisición de coñecementos, no rigor e confidencialidade dos servizos que se realizan e na empatía co cliente e a orientación cara a este. Traballo en equipo, que se manifesta na asertividade, na transmisión do coñecemento e na orientación cara aos resultados. Adaptabilidade ao cambio, que se manifesta na innovación, no avance continuo, na escoita activa dos clientes e compañeiros e na observación da contorna e a competencia. Compromiso co sector da economía social, que se manifesta no respecto, sensibilidade, coñecemento e implicación cos idearios, causas e iniciativas dos clientes.
ASOCIACIÓN	UGACOTA

NOME	NUMAX
RAZÓN SOCIAL	NUMAX, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	14/04/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	8
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	9
ENDEREZO	R/ Concepción Arenal, 9
TELÉFONO	981560250
MAIL	numax@numax.org
PÁXINA WEB	www.numax.org
PRODUTO OU SERVIZO	Cada actividade está asociada ao seu CNAE e é independente, con persoas traballadoras asociadas a cadanseu convenio colectivo: Librería, Exhibición e distribución de Filmes e Estudio de deseño gráfico, vídeo e comunicación.
VALORES	NUMAX é unha cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro, que naceu co aval de case dúscenas persoas e que xa en 2015 obtén o recoñecemento ao mellor proxecto cooperativo por parte da Xunta de Galicia. O grupo de socios está formado por Ramiro Ledo, Irma Amado, Pablo Cayuela, X. Carlos Hidalgo, Antonio Doñate, Xan Gómez, Mariña de Toro e Margarita Ledo Andión (socia colaboradora). O Cinema NUMAX liga a tradición dos cinemas de arte e ensaio coas estreas máis recentes e os novos cinemas de pescuda, con cinco proxeccións diarias e setenta butacas. Na actualidade é a única sala de cinema independente de Galicia que traballa só en versión orixinal subtitulada, a primeira sala galega que fai parte da rede internacional Europa Cinemas e o primeiro cinema en cooperativa de España. O Laboratorio é un estudio de deseño gráfico, comunicacións e posproducción de vídeo que ofrece os seus servizos a clientes externos. A Librería conta cunha selección das novidades máis destacadas do panorama editorial, combinadas cun fondo de literatura, arte e pensamento. NUMAX Distribución estrea en toda España filmes contemporáneos de referencia que até o momento non era posible ver en salas comerciais.

ASOCIACIÓN	Espazocoop, Cinearte, Europa Cinemas, CICAIE, Rede SAL, CEGAL
-------------------	---

NOME	CIDADANÍA
RAZÓN SOCIAL	CIDADANIA. REDE DE APLICACIONES SOCIAIS, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	28/09/1999
NÚMERO DE SOCIAS/OS	6
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	7
ENDEREZO	R/Corredoira das Fraguas 5 1º esq. 15703
TELÉFONO	981589269
MAIL	ciudadania@ciudadania.coop
PÁXINA WEB	http://ciudadania.coop/
PRODUTO OU SERVIZO	Participación, investigación social, formación e consultoría
VALORES	Ciudadanía é unha cooperativa galega de traballo asociado fundada a finais do ano 1999, que destaca pola busca da articulación entre os principios cooperativos e a innovación, así como pola súa traxectoria de intercooperación, tanto asociativa como económica.
ASOCIACIÓN	UGACOTA, REAS GALICIA, COOP57

NOME	FEITORÍA VERDE
RAZÓN SOCIAL	FEITORIA VERDE S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	28/12/2012
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ Proxecto Vagalume nº7, 1ºC, 15703
TELÉFONO	698161760 / 698164249
MAIL	feitoriaverde@feitoriaverde.com
PÁXINA WEB	http://feitoriaverde.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Educación Ambiental e Participación Social
VALORES	Feitoría Verde é unha cooperativa formada por catro mulleres que entende a educación ambiental como unha ferramenta imprescindible para a sensibilización e participación activa tanto no urbano coma no rural. Sendo axentes de dinamización social, preténdese potenciar a capacidade de participación das persoas e dos colectivos, mellorando así a relación co medio ambiente. Concíbese a educación ambiental como ferramenta para a participación, a aprendizaxe mutua, o intercambio de experiencias e a valorización de recursos e prácticas, endóxeas e innovadoras. Feitoría Verde aposta por unha economía social propiciatoria de mellorías ambientais, que busca sinerxías e complementariedades entre proxectos e empresas. O obxectivo final é propiciar cambios sociais que melloren a percepción e actitude sobre o medio ambiente, integrando criterios éticos e de profesionalidade
ASOCIACIÓN	Coop 57, Ugacota, A granxa de Servizos, SGEA e SLG.

NOME	CULTURACTIVA SCG
RAZÓN SOCIAL	CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	31/03/2005
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	7
ENDEREZO	R/ Triacastela nº 3. 15703
TELÉFONO	981582836
MAIL	info@culturactiva.org
PÁXINA WEB	http://www.culturactiva.org/
PRODUTO OU SERVIZO	Xestión cultural
VALORES	O obxectivo de Culturactiva é pór as persoas no centro de todas as actividades, entender a cultura como ferramenta de desenvolvemento humano, social e económico, transformación e reequilibrio territorial e social. Desde o 2001 Culturactiva defende o riso como linguaxe universal entre os pobos e a solidariedade a través do humor.
ASOCIACIÓN	UGACOTA-Unión de Cooperativas de Trabajo Asociado

NOME	MAOS INNOVACIÓN SOCIAL
RAZÓN SOCIAL	MAOS INNOVACIÓN SOCIAL, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	25/03/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ Tomiño 24, entrechán. 15703
TELÉFONO	881974101
MAIL	maos@maos.gal
PÁXINA WEB	http://maos.gal/
PRODUTO OU SERVIZO	Xestión e innovación cultural, social e do patrimonio, tanto material como inmaterial.
VALORES	O cometido de MaOs pasa por contribuír a que o patrimonio sexa considerado como ben que repercute na creación de riqueza, tanto económica como social, dunha comunidade. As accións diríxense a conseguir que a sociedade galega entenda o seu patrimonio e a súa cultura como partes de si mesma, que os valore, os respecte e contribúa á súa conservación e transmisión. Para este fin, MaOs diseña, coordina e executa proxectos propios ou doutras entidades que se adecúen aos seus obxectivos.
ASOCIACIÓN	UGACOTA, Granxa de Servizos e Eticom Som Conexió

NOME	TEMPO DE LOAIRA
RAZÓN SOCIAL	TEMPO DE LOAIRA, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Trabajo Asociado

DATA DE CONSTITUCIÓN:	10/04/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Rúa do Coto, número 5, piso 2, 15707, Santiago de Compostela
MAIL	tempodeloaira@gmail.com
PÁXINA WEB	http://redesalcoop.org/web/tempo-de-loaira
PRODUTO OU SERVIZO	Acompañamento de procesos grupais e fortalecemento de grupos, entidades e sectores, dinamización de espazos formativos, comunicación social, investigación, asesoramento, deseño e desenvolvemento de accións de educación emancipadora e transformadora e de cooperación para o desenvolvemento. Búscase acompañar procesos orientados a loitar contra as desigualdades e acadar a xustiza social, ofrecendo servizos nos campos de formación, xestión de proxectos, creación de ideas e da investigación social. As actividades, ata o momento, centráronse nos eidos da Educación Transformadora, da Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Comunicación Social, se ben as inxerencias transitan por múltiples e diversas áreas (economía social e alternativa, voluntariado, acción social, feminismos, migracións, xuventude, ocio e tempo libre, cultura, saúde e benestar, dereitos humanos, etc).
VALORES	“Somos tres cabezas, seis brazos e seis pernas. Tres narices que lembran o olor das tortillas de millo acabadas de facer, das baleadas, maitos e cachupas. Pero o noso nariz tamén se emociona ao cheirar un horto de patacas e repolos e o salitre da brisa. Somos seis ollos que viron donas Cornelias, comunidades zapatistas festexando a revolución, esperpento nas nosas rúas e praias e romarías de fins de semana. As nosas seis orellas escoitaron fermosos acentos e palabras máxicas. As nosas tres bocas saborearon risas e bágoas e quedáronse roucas gritando Nunca Máis! Somos tamén trinta dedos que nalgún momento crispáronse, retorcéronse enfurecidos, porque non lles deixabas facer, porque non lles permitían construír o que querían como querían. Nese momento chovía. Si. Cando quixeron amputar os trinta dedos estaba a chover. E chegou a loaira.”
ASOCIACIÓN	UGACOTA, Rede SAL

NOME	STRELIA ELECTROTECNIA
RAZÓN SOCIAL	STRELIA ELECTROTECNIA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	21/08/2013
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ de Melide 11, 3ºB, 15705
TELÉFONO	981 55 89 88
MAIL	info@strelia.pro
PÁXINA WEB	www.strelia.pro
PRODUTO OU SERVIZO	Desenvolvemento de solucións e produtos electrónicos.
VALORES	Strelia Electrotecnia é compromiso profesional, calidade e valores sociais. Supón unha iniciativa cooperativa desde a que se traballa con fundamento, seriedade e eficiencia, promovendo sempre o respecto e coidado do medioambiente, as persoas e a súa diversidade.
ASOCIACIÓN	UGACOTA

NOME	ASITECNO
RAZÓN SOCIAL	ASITECNO S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/01/2003
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ do Tambre, 33 Baixo-Meixonfrío
TELÉFONO	981 580098
MAIL	asitecnoscg@yahoo.es
PRODUTO OU SERVIZO	Servizo de asistencia técnica e impartición de cursos de formación para instaladores de electricidade, fontanería, gas, térmicas, produtos petrolíferos líquidos e afines. Redacción de todo tipo de proxectos técnicos, direccións de obra así como a elaboración e tramitación do material e da documentación técnica referente a este tipo de instalacións.
VALORES	Formar e ofrecer asistencia técnica aos/ás profesionais da electricidade, fontanería, calefacción, climatización, gas, etc. en Galicia.
ASOCIACIÓN	UGACOTA

NOME	NOVA ASECONIA
RAZÓN SOCIAL	NOVA ASECONIA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	11/02/2011
NÚMERO DE SOCIAS/OS	8
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ da Mulas 12, baixo esquerda
TELÉFONO	981573075
MAIL	info@novaaseconia.com
PÁXINA WEB	http://novaaseconia.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Reforma e rehabilitación de vivendas
VALORES	Formada por un equipo de persoas en cooperación para a xeración de riqueza e a creación de postos de traballo, preferentemente cooperativo, nunha contorna de rendibilidade sustentable, e ofrecendo solucións integrais ao mercado en base á experiencia, coñecemento e innovación; impulsando a creación de recursos suficientes para chegar emprego de valor engadido e desenvolvemento sustentable á contorna. Apostan por un futuro de crecemento e en proceso de expansión territorial, recoñecidos polos socios traballadores e pola sociedade en xeral, polos procesos innovadores, responsabilidade social, calidade e eficiencia na prestación dos servizos.
ASOCIACIÓN	UGACOTA

NOME	COGRAF
RAZÓN SOCIAL	COGRAF, COOPERATIVA GRAFICA GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado

DATA DE CONSTITUCIÓN:	05/12/1994
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	5
ENDEREZO	Vía Galileo, Mave Nido, 11. Polígono Industrial do Tambre - 15890
TELÉFONO	981 561 562
MAIL	cograf@cograf2.com
PÁXINA WEB	http://www.cograf2.es/
PRODUTO OU SERVIZO	Artes Gráficas
VALORES	Cograf é a primeira cooperativa fundada no ano 1994 dedicada ás Artes Gráficas, realizando traballos de calidade en impresión offset, tipografía e cun amplo percorrido dentro da Industria Gráfica en Santiago de Compostela.
ASOCIACIÓN	Asociación Empresarial do Polígono do Tambre

NOME	CONSERVATORIO HISTÓRICO SANTIAGO
RAZÓN SOCIAL	CONSERVATORIO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/09/2005
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	15
ENDEREZO	Praza Salvador Parga, 4
TELÉFONO	981564808 653401393
MAIL	info@conservatoriodesantiago.com
PÁXINA WEB	http://conservatoriodesantiago.com
PRODUTO OU SERVIZO	Educación e servizos musicais
VALORES	O proxecto baséase no compromiso coa cidade de Santiago e con quen confiou durante estes anos na labor educativa. A solidariedade, axuda mutua, participación activa...son os principios que sempre están presentes. Así como estender a música a todo o ciclo vital. Todo isto leva a unha forma distinta de facer empresa, primando: a atención personalizada, becas para estudantes con especial talento, concertos abertos a toda a cidade, sesións didácticas tanto fóra coma no centro, etc.
ASOCIACIÓN	UCETAG

NOME	AUTOESCOLA COPÁS
RAZÓN SOCIAL	GIRA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/04/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	5
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	5
ENDEREZO	R/ Santiago de Chile, 34-36 Entr.

TELÉFONO	981562211
MAIL	autoescolacopas@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Ensinanza de condución e pilotaxe
VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Non

NOME	SACAUNTOS COOPERATIVA GRÁFICA E URCO EDITORA
RAZÓN SOCIAL	SACAUNTOS S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	28/04/2016
NÚMERO DE SOCIAS/OS	6
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	8
ENDEREZO	R/ do Avío, 11 baixo
TELÉFONO	981 576 883
MAIL	info@sacauntos.com / info@urcoeditora.com
PÁXINA WEB	http://www.sacauntos.com / http://www.urcoeditora.com
PRODUTO OU SERVIZO	Sacauntos é unha cooperativa gráfica que oferta servizos de deseño gráfico e web e impresión en grande e pequeno formato. Urco editora é unha empresa editorial nacida en 2007 que veu encher un oco histórico no sistema literario galego: a publicación sistemática e especializada de literatura de fantasía, ciencia ficción e terror. Até agora a escasa presenza destes xéneros na literatura traducida estaba fragmentada en distintas editoriais e coleccións, catalogada especialmente baixo os criterios de «clásicos» ou de «literatura xuvenil». Por isto Urco foi pioneira na achega sistemática destes tres xéneros ao público galego. Co tempo, a criatura foi medrando e abrangendo outros ámbitos como o do ensaio, a literatura infanto-xuvenil e os xogos de mesa.
VALORES	Diferentes no xeito de traballar e de abordar os proxectos, con vontade de vivir do traballo e de facelo ben. Cada persoa do equipo ten orixes e formacións diversas, e isto tradúcese nunha equipa versátil e con recursos. Trabállase de formas que outras imprentas ou equipas de deseño non poden facer. Sacauntos conta cunha forte vocación social: colabora con colectivos e asociacións de todo tipo, coa vontade de ter un impacto na nosa contorna. Quere ser imprenta de barrio, pero tamén un referente para as persoas que inician os seus proxectos culturais ou activistas. Ofrécense as mellores condicións e axuda aos colectivos sociais cos que se traballa. Ás veces a sensación é como a de traballar máis nun clube social que nunha empresa ao uso: é habitual que o local sexa punto de encontro para empresas, colectivos e persoas de todo tipo.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	ANACO
RAZÓN SOCIAL	ANACO S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	12/12/2012
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Escola Unitaria Santa María de Fecha, 35

TELÉFONO	639 132 892
MAIL	anaco.bdt@gmail.com
PÁXINA WEB	https://www.facebook.com/AnchoasAnaco/
PRODUTO OU SERVIZO	Fabricación de conservas de peixe
VALORES	A cooperativa Anaco é unha experiencia de promoción de emprego e autoemprego para mulleres da comarca de Compostela constituída en xuño de 2013. Nace dunha iniciativa da Asociación Banco de Tempo Anaco, unha asociación sen ánimo de lucro constituída en novembro de 2011 en Compostela que trata de ofrecer formación laboral básica e unha posibilidade de traballo digno a mulleres de colectivos especialmente desfavorecidos.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	COLORÍN COLORADO
RAZÓN SOCIAL	COLORÍN COLORADO SANTIAGO S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/06/2014
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ do Río, 24 Baixo
TELÉFONO	609242795
MAIL	colorincoloradosantiago@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Centro de ocio infantil dedicado a celebración de aniversarios, campamentos e diversas actividades.
VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Non

NOME	LORENZO DESIGN
RAZÓN SOCIAL	RAYADOS S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	18/11/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ San Miguel dos Agros N° 3
TELÉFONO	881 946522 / 679 595622
MAIL	rayadoscoopgalega@gmail.com
PÁXINA WEB	www.lorenzodesign.es
PRODUTO OU SERVIZO	Deseño e elaboración de xoguetes e mobiliario pequeno en madeira.

VALORES	Os produtos son elaborados localmente con materiais certificados, altamente reciclables e acabados naturais. Todo o proceso desde o deseño ata a execución da peza realízase no obradoiro situado en Santiago de Compostela. A comercialización faise través da tenda online e na tenda física, situada no casco histórico de Compostela.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	O ATENEO
RAZÓN SOCIAL	O ATENEO S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	15/03/2013
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	6
ENDEREZO	R/ Virxe da cerca, 30 Baixo
TELÉFONO	981572001
MAIL	oateneo@gmail.com
PÁXINA WEB	http://www.oateneo30.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Hostalaría
VALORES	Unha cooperativa, un punto de encontro cultural, un café
ASOCIACIÓN	Non

NOME	ENTRE PEDRAS
RAZÓN SOCIAL	ENTRE PEDRAS S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	14/06/2013
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Hospitaliño, 18. 15703 Santiago de Compostela
TELÉFONO	981564097
MAIL	entrepedrascompostela@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Hostalaría
VALORES	Trátase dun bar/restaurante no que todo o que se ofrece é 100% vexetariano.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	ENCOMÚN PROXECTOS
RAZÓN SOCIAL	ENCOMÚN PROXECTOS S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado

DATA DE CONSTITUCIÓN:	26/09/2013
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Rúa Fonte dos Concheiros, 2C, Baixo, 15703
TELÉFONO	669104336
MAIL	contacto@encomun.coop
PÁXINA WEB	www.encomun.coop
PRODUTO OU SERVIZO	Asesoramento e acompañamento de proxectos cooperativos, a formación en cooperativismo e á asesoría xurídica, fiscal, laboral e contable de empresas da economía social
VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Non

NOME	A LARPEIRÍA
RAZÓN SOCIAL	A LARPEIRÍA S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	03/02/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	R/ Santa Comba nº 4 Baixo. 15705
TELÉFONO	881956601
MAIL	isla11@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Venda de comida elaborada caseira para levar e tenda de alimentación de produtos ecolóxicos, gourmet e dietéticos.
VALORES	Larpeiría é unha tenda de barrio onde atoparás comida caseira de verdade e ademais unha ampla selección de produtos alimenticios saudables e de calidade.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	NOVALUX
RAZÓN SOCIAL	NOVALUX, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	27/06/1996
NÚMERO DE SOCIAS/OS	5
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	5
ENDEREZO	R/de Tambre Nº 33, Baixo
TELÉFONO	981576683
MAIL	asitecno@hotmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Instalacións de edificios e obras (electricidade, fontanería, calefacción, gas, climatización, telecomunicacións e afíns)

VALORES	Os propios dunha cooperativa
ASOCIACIÓN	Non

NOME	GAIA DOS NENOS
RAZÓN SOCIAL	GAIA DOS NENOS S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/07/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ Santiago de Guayaquil, 6 B. Esquerda.
TELÉFONO	981817914
MAIL	info@gaiadosnenos.com
PÁXINA WEB	http://www.gaiadosnenos.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Venta ao por menor de produtos de puericultura ecolóxica.
VALORES	<p>Gaia dos nenos, alternativa de crianza e de traballo. Emprender e criar. Miriam, Elena e Sonia son tres nais que se xuntaron arredor do proxecto cooperativo de Gaia dos Nenos. Cada unha chega de ámbitos completamente distintos (enxeñaría informática, dereito e xornalismo) pero teñen en común unha cousa: a maternidade cambiou a súa forma de ver o mundo e de verse a sí mesmas. Cando decidiron ser nais non podían imaxinar ata que punto ían necesitar estar coas súas crianzas. E estar significa permanecer xunto a elas, acompañalas no seu crecemento. "Conciliar", no seu caso, significaba "renunciar a..." e decidiron que ao único que non ían renunciar era á crianza dos fillos/as.</p> <p>Gaia dos nenos permitiulles medrar profesionalmente traballando no marco dunha filosofía de vida que lles apaixona: o respecto pola nai Terra, a maternidade consciente e a crianza con apego.</p> <p>Gaia ten dous piares fundamentais:</p> <p>A eco-tenda na que se ofrecen só produtos ecolóxicos, reciclables ou biodegradables. Teñen todo o que as nais e os bebés precisan ata os tres anos de vida (cueiros, porteo, coleito, xoguetes, alimentación, roupa e calzado, cosmética...). Fomentan unha forma de consumo sostible e responsable e por iso se impulsa un mercado de segunda man dos artigos que mellor coñecen: cueiros lavables, porteo, libros de crianza e xoguetes de madeira.</p> <p>A comunidade na que pais e nais comparten, charlan, preguntan e xogan, coma se dunha "tribu" se tratase. Gaia é un punto de encontro, un espazo aberto a actividades nas que nais, pais e bebés poidan participar xuntos: ioga post-parto, música para bebés, ioga en familia, mindfulness, hipopresivos, pilates embarazo...</p> <p>Organizamos actividades lúdicas para bebés e formativas para nais e pais. Traballamos sempre coa mirada posta na importancia destes primeiros anos para o crecemento das nosas crianzas como seres humanos felices e independentes.</p>
ASOCIACIÓN	Non

NOME	EDUCULTORAS
RAZÓN SOCIAL	EDUCULTORAS, S. COOP. GALEGA EDUCATIVA E CULTURAL
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	05/06/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Monte Gaiás, s/n Viveiro de Empresas 15707

TELÉFONO	692920362
MAIL	educultoras@gmail.com
PÁXINA WEB	www.educultoras.es
PRODUTO OU SERVIZO	Servizos educativos e culturais
VALORES	Cooperativa formada por tres profesionais do eido socioeducativo e pedagóxico. Consideran que a educación é un pilar fundamental da sociedade e, tal como recolle o dito africano, “educa a tribo enteira”. Queren formar parte desa tribo achegando un novo xeito de traballar en servizos educativos, de ocio, conciliación familiar, formación e orientación específica nos que se comparte tempo con persoas de todas as idades. A cooperativa susténtase en valores democráticos, de axuda mutua e de interese pola comunidade da que forman parte.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO
RAZÓN SOCIAL	SALGUEIRIÑOS DE CONSUMO S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Consumidores e usuarios
DATA DE CONSTITUCIÓN:	29/05/2009
NÚMERO DE SOCIA/OS	102
TRABALLADORAS/ES	0
ENDEREZO	R/ Xosé Chao Rego, 6 baixo
TELÉFONO	640752004
MAIL	info@sconsumo.com
PÁXINA WEB	http://www.sconsumo.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Intermediarios do comercio de produtos diversos
VALORES	As actividades que desenvolve a cooperativa, van a satisfacer necesidades de consumo, abarcan dende a procura de bens e servizos didácticos, culturais, de ocio e tempo libre, ata a de artigos de consumo, uso, vestido, mobiliario e demais elementos propios da economía doméstica nas mellores condicións de calidade, información e prezo. Tamén conta, entre os seus obxectivos, a defensa e promoción dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, o fomento do consumo responsable e sostible e a promoción do cooperativismo e outras fórmulas de economía social.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	PANXEA
RAZÓN SOCIAL	PANXEA, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Consumidores e usuarios
DATA DE CONSTITUCIÓN:	17/06/2010
NÚMERO DE SOCIA/OS	96
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	1
ENDEREZO	R/ Hórreo 9 N2 11pt (galerías)
TELÉFONO	981937238
MAIL	tenda@panxea.org
PÁXINA WEB	www.panxea.org
PRODUTO OU SERVIZO	Venda de produto de comercio xusto, ecolóxico e de proximidade.
VALORES	PANXEA é unha cooperativa que nace da inxerencia de diferentes persoas vinculadas ao mundo do asociacionismo e do comercio xusto. Así decidiron formar unha cooperativa de consumo e tenda aberta ao público para dar visibilidade ao denominado consumo consciente ou responsable. Os principais eixes son 3: - A participación activa das persoas socias. - A cooperación con outras cooperativas e asociacións - O interese pola nosa comunidade. Tamén se trata dun punto de (re)unión de proxectos como A Nosa Enerxía, AIS O’Peto, Fiare Banca Ética ou a editora catro ventos.
ASOCIACIÓN	Non

Cooperativas de persoas consumidoras e usuarias

As cooperativas de persoas consumidoras e usuarias son aquelas que teñen por obxecto a procura de bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e convivintes, producindo elas mesmas os bens e servizos ou adquiríndoos de terceiras persoas. Teñen tamén por obxecto a defensa e promoción dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias.

Poden ser persoas sociais as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ou as organizacións de consumidoras/es que teñan o carácter de destinatarios finais.

A subministración de bens e servizos da cooperativa ás persoas sociais terá a consideración de operacións societarias internas, sendo a mesma cooperativa e as persoas sociais as consumidoras directas. Non obstante, tamén se poden realizar actividades cooperativizadas con terceiras persoas non sociais, dentro do ámbito territorial da cooperativa, ata o límite fixado nos seus estatutos que, en caso de non pronunciarse, fíxase nun 50% das súas operacións coas persoas socias.

As 2 cooperativas de persoas consumidoras e usuarias en Santiago de Compostela teñen unha antigüidade de pouco máis de 5 anos. A media de persoas socias destas cooperativas é de 99 persoas, e en total suman 198. Só unha delas conta cunha persoa traballadora.

A continuación móstranse as fichas das 2 Cooperativas de persoas consumidoras e usuarias que forman parte do catálogo:

Cooperativas de servizos

As cooperativas de servizos son as integradas por persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como por profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia. O seu obxecto é a prestación de bens e servizos e realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións das persoas sociais. Poden para iso, desenvolver calquera actividade económica ou social.

Tamén poden desenvolver actividades con terceiras persoas, ata un límite por cada exercicio económico do 50% do volume total da actividade cooperativizada realizada coas súas persoas sociais.

A continuación móstrase a ficha da Cooperativa de Servizos que forma parte do catálogo:

A cooperativa de servizos presente neste catálogo conta con máis de 15 anos de antigüidade, 52 persoas sociais e un cadro de persoal formado por 9 persoas traballadoras.

NOME	MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO
RAZÓN SOCIAL	MERCADO DE ABASTOS DE SANTIAGO, S .COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de servizos
DATA DE CONSTITUCIÓN:	19/07/1999
NÚMERO DE SOCIA/OS	52
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	9
ENDEREZO	Pza. de Abastos – Torre Central, Baixo S/N , 15704
TELÉFONO	981 583 438
MAIL	administracion@mercadodeabastos.com
PÁXINA WEB	http://www.mercadodeabastosdesantiago.com
PRODUTO OU SERVIZO	Xestión administrativa da Praza de Abastos de Santiago
VALORES	Mercado de Abastos de Santiago, S. Coop. G. foi creada por un grupo de comerciantes do mercado para autoxestionarse debido ás carencias que tiña o mercado. A cooperativa xestiona todos os servizos do mercado, dende a publicidade, organización de actividades, servizo a domicilio, xestión das redes sociais, organización de actos...
ASOCIACIÓN	Non

Cooperativas de vivendas

As cooperativas de vivendas constitúense por persoas físicas que precisan aloxamento e/ou locais para si e para as persoas que convivan con elas, aínda que tamén poden ser socias os entes públicos, entes sen ánimo de lucro e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes deles que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades.

A aprobación do proxecto de execución e financiamento das vivendas é competencia exclusiva da asemblea xeral da cooperativa, así como as modificacións ou variacións del, por causas non previstas inicialmente.

Estas cooperativas teñen por obxecto procurar vivendas preferentemente habituais e/ou locais para as súas persoas sociais. Tamén poderán ter por obxecto procurar edificacións e instalacións complementarias, e rehabilitación de vivendas, locais, elementos, zonas...

Para o cumprimento do seu obxecto social, poden desenvolver cantas actividades sexan necesarias.

A propiedade ou o uso e gozo das vivendas e locais poderán serlles adxudicados ou cedidos ás persoas sociais mediante calquera título admitido en dereito. Se a cooperativa queda coa propiedade das vivendas ou locais, terá que determinarse estatutariamente, debendo establecerse ademais as normas para o seu uso e gozo polas persoas sociais.

Unha vez cubertas as necesidades da cooperativa e adxudicadas as vivendas ás persoas sociais, se queda algunha sen adxudicar, pode adxudicarse a terceiras persoas non socias sempre que cumpran as condicións obxectivas para o tipo de promoción de que se trate, e que as vivendas que se vaian adxudicar non supoñan máis dun cuarto do conxunto de vivendas.

Os locais comerciais e as instalacións complementarias poden allearse a terceiras persoas, e o importe deles aplicarase segundo acorde a asemblea xeral.

Estas cooperativas constitúense por un tempo determinado, que se fixa estatutariamente, e debe disolverse polo cumprimento do seu obxecto social, unha vez entregadas as vivendas e locais, e en todo caso, transcorridos seis anos desde o outorgamento da licenza de primeira ocupación, agás que a cooperativa quede coa propiedade.

A propia cooperativa é a encargada da administración e xestión directa da promoción das vivendas e locais, sen poder ceder esta xestión a terceiras persoas, agás por acordo da asemblea xeral adoptado por 2/3 dos votos, sen prexuízo de acudir a persoas expertas externas para cuestións puntuais.

Estas cooperativas teñen un dereito de adquisición preferente de terreos de xestión pública.

As persoas sociais teñen a obriga de habitar a vivenda, e non poden ser titulares de máis dunha en cada cooperativa, agás nos casos de familia numerosa.

O 75% das cooperativas de vivendas contactadas foron constituídas no último lustro, mentres que o 25% restante o fixeron fai máis de 5 anos. O número total de persoas sociais é de 235, malia que o 75% das cooperativas contan con 30 ou menos persoas sociais.

A continuación móstranse as fichas das 4 Cooperativas de Vivendas que forman parte do catálogo:

NOME	SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS CIDADE XACOBEOA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	COOPERATIVA DE VIVENDAS
DATA DE CONSTITUCIÓN:	24/05/2007
NÚMERO DE SOCIAS/OS	159
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	0
ENDEREZO	R/ Galeras, nº 28 - Baixo - 15705
TELÉFONO	981563056
ACTIVIDADE	A actividade de SCGV Cidade Xacobeo foi a de promover 8 bloques de Vivendas de Protección Autonómica no ámbito do SUNP-12 de Lamas de Abade en Santiago de Compostela.

NOME	PONTEPEDRIÑA NOVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	COOPERATIVA DE VIVENDAS
DATA DE CONSTITUCIÓN:	19/04/2012
NÚMERO DE SOCIAS/OS	30
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	0
ENDEREZO	R/ Galeras, nº 28 - Baixo · 15705 Santiago de Compostela
TELÉFONO	981 563056
ACTIVIDADE	Pontepedriña nova, scgv promoveu en 2015, un edificio de 30 vivendas de protección autonómica, locais comerciais e prazas de garaxe sobre a parcela m11 do sup-7 de Pontepedriña.

NOME	RESIDENCIAL M12, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	COOPERATIVA DE VIVENDAS
DATA DE CONSTITUCIÓN:	13/07/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	30
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	0
ENDEREZO	R/ Galeras, Nº 28 - Baixo · 15705
TELÉFONO	981 563056
ACTIVIDADE	Residencial m12, scgv promove para os seus 21 socios 21 vivendas de protección autonómica de réxime concertado, con praza de garaxe e trasteiro anexos, sobre a parcela m12b do sup-7 de Pontepedriña (r/josé antonio souto paz, nº 8). A promoción encóntrase completa e entregarase ás persoas socias adxudicatarias no primeiro trimestre de 2017.

NOME	RESIDENCIAL SAR SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	COOPERATIVA DE VIVENDAS
DATA DE CONSTITUCIÓN:	08/04/2016
NÚMERO DE SOCIAS/OS	22/30
NÚMERO DE TRABALLADORAS/OS	00/01/1900
ENDEREZO	R/ GALERAS, Nº 28 - BAJO · 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

TELÉFONO	981 563056
ACTIVIDADE	Residencial sar, scgv está promovendo e entregará ás persoas socias adxudicatarias, no último trimestre de 2017, 30 vivendas de protección autonómica de réxime concertado, con praza de garaxe e trasteiro anexos, sobre a parcela m12a (r/josefa gª segret nº 9 -portal 1- e r/manuel vázquez cacharrón nº 10 –portal 2) do sup-7 de Pontepedriña. A cooperativa encóntrase actualmente en fase de execución de obra, conta con 22 persoas socias dos 30 que a completarán, prevéndose a entrega das vivendas ás persoas socias adxudicatarias no último trimestre de 2017

Cooperativas de servizos sociais

Son cooperativas de servizos sociais as que teñen por obxecto a prestación de todo tipo de servizos sociais, xa sexan públicos ou privados.

Poden formar parte destas cooperativas como socias as administracións ou entidades públicas, así como axentes sociais colaboradores da prestación de servizos sociais. No caso de que participen entidades públicas, estas poden reservar para si o control público en canto á calidade e as condicións dos servizos prestados. Quedan excluídos os servizos que requiran o exercicio de autoridade pública.

A cooperativa de servizos sociais presente neste catálogo foi constituída fai máis de 10 anos, conta con 7 persoas socias e 9 persoas traballadoras.

Estas cooperativas réxense segundo o establecido para as cooperativas de traballo asociado.

A continuación móstrase a ficha da Cooperativa de Servizos Sociais que forma parte do catálogo:

NOME	ABEIRO SOCIAL
RAZÓN SOCIAL	ABEIRO SOCIAL, S. COOP. GALEGA
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Cooperativa de Traballo Asociado
DATA DE CONSTITUCIÓN:	03/08/2004
NÚMERO DE SOCIAS/OS	7
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	8
ENDEREZO	Paseo do Esvedro 2 Vidán
TELÉFONO	678671403
MAIL	abeirosocial@gmail.com
PÁXINA WEB	www.abeirosocial.com
PRODUTO OU SERVIZO	Servizos sociais
VALORES	Somos unha cooperativa porque cremos que a colaboración no traballo é máis eficaz, ofrece solucións diferentes e reverte nunha mellor atención aos usuarios e clientes.
ASOCIACIÓN	Espazocoop

Mutualidades

Unha mutualidade é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo os principios da solidariedade e a axuda mutua na que unhas persoas únense voluntariamente para ter acceso a uns servizos baseados na confianza e a reciprocidade. As persoas socias, chamadas mutualistas, contribúen ao financiamento da institución cunha cota periódica. Co capital acumulado a través das cotas das persoas mutualistas, a institución brinda os seus servizos a aquelas persoas socias que os necesiten.

A mutualidade de previsión social presente neste catálogo ten máis de 100 anos de antigüidade

Algúns exemplos de servizos ofrecidos hoxe comunmente por mutualidades son os seguros coas mutuas de seguros, a previsión de enfermidades e plans de xubilación a través das mutualidades de previsión social, ou as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais (entidades que cobren os accidentes laborais e colaboradoras da xestión da Seguridade Social).

En Santiago só están domiciliadas mutuas de previsión social, polo que ímonos centrar nesa figura. Son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatoria, mediante achegas cunha prima fixa ou variable dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

En canto ao ámbito de cobertura, na previsión de riscos sobre as persoas, as continxencias que poden cubrir son as de morte, viuvez, orfandade e xubilación, garantindo prestacións económicas en forma de capital ou renda. Tamén poden outorgar prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción, e realizar operacións de seguro de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica e asistencia, así como prestar axudas familiares para cubrir necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

A continuación móstrase a ficha da Mutualidade que forma parte do catálogo:

NOME	Mutualidade Previsión Social Unión Protectora
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Mutualidade de Previsión Social Unión Protectora
DATA DE CONSTITUCIÓN:	1/01/1892
NÚMERO DE SOCIAS/OS	Non
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	Non
ENDEREZO	R/ Hórreo, 19-1º Izda, Escaleira B
TELÉFONO	981582127
MAIL	up@unionprotectora.com
PÁXINA WEB	www.unionprotectora.com
SERVIZOS	Seguro de saúde
ASOCIACIÓN	Non

Sociedades laborais

As sociedades laborais son empresas laborais, que se ben historicamente constituíron unha ferramenta que serviu para salvar proxectos empresariais e viabilizalos a través da participación das persoas traballadoras na xestión, na actualidade están a demostrar unha eficacia na constitución de empresas de nova creación.

Son aquelas sociedades mercantís nas que a maioría do capital é propiedade das propias persoas traballadoras que prestan nela servizos retribuídos, persoais e directos, e cunha relación laboral por tempo indefinido.

A sociedade laboral pode ser Anónima ou de responsabilidade limitada, e con carácter xeral, a responsabilidade das persoas socias límitase ás aportacións realizadas polas mesmas.

No momento da constitución, debe solicitarse a cualificación e inscrición como sociedade laboral no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais da Dirección Xeral de Relacións Laborais, antes de ir ao Rexistro Mercantil para a súa inscrición.

Nas Sociedades Laborais Anónimas o capital social debe ser como mínimo de 60.101,21€, dividido en accións nominativas, das cales o 25% debe estar desembolsado no momento da constitución. No caso das Sociedades Laborais Limitadas, o capital social mínimo é de 3.005,06€, dividido en participacións sociais, e debe estar desembolsado totalmente no momento da constitución.

Nestas sociedades hai dous tipos de persoas socias:

- De clase laboral: manteñen coa sociedade unha relación laboral por tempo indefinido.
- De clase xeral: non manteñen relación laboral coa sociedade, pero se o fan non é por tempo indefinido.

O 17% das sociedades laborais presentes neste catálogo teñen unha antigüidade superior aos 20 e 10 anos respectivamente, mentres que o 33% se constituíron fai máis de cinco anos ou no último lustro. Nelas traballan 23 persoas, e o cadro de persoal está formado en todas elas por menos de 5 persoas. O promedio de persoas socias é de 3.

Cada persoa socia pode ter como máximo unha participación dun terzo. As socias, sexan Administracións Públicas, Sociedades Públicas participadas por estas, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro, si poden superar este límite, pero sen chegar ao 50%. Dedúcese, polo tanto, que o número mínimo de per-

soas socias é tres, das cales polo menos dúas deben ser persoas socias traballadoras. Non obstante, no inicio a sociedade pode constituírse con dúas persoas socias traballadoras, sempre e canto no prazo de 36 meses se incorpore unha terceira persoa.

Este tipo de sociedades poden contratar persoas asalariadas non socias por tempo indefinido, sempre e cando non superen o 49% das horas/ano realizadas polo conxunto de persoas socias traballadoras.

As persoas titulares de accións ou participacións poden transmitilas libremente a persoas socias traballadoras ou indefinidas non socias. Noutros supostos de venda, a persoa vendedora debe transmitir á sociedade as características da venda, que esta dea traslado a todas as posibles persoas interesadas, que terán 20 días para manifestar o seu interese. A sociedade debe resolver en 10 días a venda, dándolle prioridade, por esta orde, ás persoas traballadoras indefinidas non socias, ás persoas traballadoras socias, ás persoas socias non traballadoras e á propia sociedade. Se ninguén manifesta interese na adquisición preferente, poderá venderse libremente.

As sociedades laborais están obrigadas a constituír un fondo especial de reserva dotado co 10% dos beneficios líquidos, ata que se acade polo menos unha cifra superior ao dobre do capital social.

A continuación móstranse as fichas das 6 Sociedades Laborais que forma parte do catálogo:

NOME	DEHISTORIA
RAZÓN SOCIAL	DEHISTORIA. CULTURA, HISTORIA Y PATRIMONIO, SOCIEDAD LIMITADA LABORAL
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	24/06/2004
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	2
ENDEREZO	Praza de Fonseca 3 -1º
TELÉFONO	981575313
MAIL	info@dehistoria.net
PÁXINA WEB	http://www.dehistoria.net
PRODUTO OU SERVIZO	Investigación en Historia: informes históricos (historia de alimentación, de montes comunais, fincas, camiños, de proxectos arqueolóxicos ou posta en valor patrimonial); historia familiar e árbores xenealóxicas; busca de documentos; transcripción de documentos; roteiros; divulgación e dinamización social, económica e turística a partir da Historia.
VALORES	Dehistoria cre, firmemente, no valor do pasado non só como ferramenta para comprender o presente, senón sobre todo como arma de futuro. Creemos tamén que só con atención coidadosa nos detalles e traballo continuado e rigoroso podemos achegarnos ás múltiples facetas da Historia e sacar dela todas as ensinanzas e beneficios que garda para nós. Tamén, estamos convencidos de que os nosos recursos históricos son algo dinámico, útil e atractivo pero que precisa dunha intervención profesional para render os froitos axeitados. Somos unha empresa de probada experiencia e recoñecida solvencia nas nosas respectivas áreas de investigación e gozamos poñendo en cada proxecto o mellor da nosa experiencia, coñecementos, creatividade e know-how. Desta filosofía nace o noso compromiso como empresa para cos nosos clientes e coa sociedade e que se fundamenta na precisión, no bo facer e na fidelidade ó pasado que fan do traballo histórico unha disciplina científica e do novo coñecemento, un poderoso instrumento para xerar riqueza económica, social ou cultural. Somos unha empresa de Economía Social, conectada á nosa contorna, comprometida co emprego estable e o desenvolvemento sostible. Creemos na capacidade das nosas comunidades para xerar dinámicas diferentes e enriquecedoras a partir dos seus propios recursos e na das súas persoas de crear formas novidosas e diferentes de emprendemento.
ASOCIACIÓN	AESGAL

NOME	2BEDIGITAL
RAZÓN SOCIAL	BORRAS&PICAZO SLL
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	01/09/2012
NÚMERO DE SOCIAS/OS	3
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	5
ENDEREZO	R/ Feáns 9C 5A
TELÉFONO	625556922
MAIL	pablo@2bedigital.com
PÁXINA WEB	http://www.2bedigital.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Marketing dixital e desenvolvemento web para Pemes, especializada en Facebook Ads., deseño de solucións web e tendas online B2B y B2C. Desenvolvemento con Ruby on Rails e Liferay.
ASOCIACIÓN	AESGAL

NOME	VARELA & LÓPEZ
RAZÓN SOCIAL	VARELA & LÓPEZ ASESORES, S.L.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	11/11/2011
NÚMERO DE SOCIAS/OS	2
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ República do Salvador N°27 1ºB 15701
TELÉFONO	981596697
MAIL	info@varela-lopez.com
PÁXINA WEB	www.varela-lopez.es
PRODUTO OU SERVIZO	Asesoramento a empresas autónomos e particulares
VALORES	Asesoramento para cumprir obxectivos
ASOCIACIÓN	AESGAL

NOME	VILAMINCHA
RAZÓN SOCIAL	VILAMINCHA S.L.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	03/10/2012
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	2
ENDEREZO	R/ das Fontiñas, 27 Santiago de Compostela
TELÉFONO	881107296

Empresas de inserción

MAIL	info@vilamincha.es
PÁXINA WEB	http://vilamincha.es/
PRODUTO OU SERVIZO	Centro de ocio infantil que ofrece o coidado das crianzas por horas e a organización de aniversarios e festas. Ademais aluga o espazo para distintos eventos e organiza espectáculos e concertos para toda a familia.
VALORES	Vilamincha é un lugar onde nenos e nenas poden xogar e un punto de encontro para pequenos e grandes. Un espazo multifuncional onde atopar unha sala grande para o xogo, un teatro e un bar comfortable para as persoas maiores.
ASOCIACIÓN	AESGAL

NOME	CENTRO XIYUN DE ACUPUNTURA E MEDICINA CHINESA
RAZÓN SOCIAL	CENTRO XIYUN DE MEDICINA CHINA Y SINTERGETICA, S.L.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	05/04/1996
NÚMERO DE SOCIAS/OS	4
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ de Sempre en Galiza 5 3ºC
TELÉFONO	981595967
MAIL	centroxiyun@gmail.com
PÁXINA WEB	www.acupunturacompostela.es
PRODUTO OU SERVIZO	Acupuntura e Medicina Chinesa e complementaria (Homeopatía, Shiatsu, Quiromasaxe e Masaxe, loga-Tai)
ASOCIACIÓN	Sociedade de Acupuntura Medica de España

NOME	TINTIMÁN AUDIOVISUAL
RAZÓN SOCIAL	TINTIMÁN AUDIOVISUAL, PROGRAMACIÓN E FORMACIÓN CULTURAL, SLL
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Sociedade Laboral
DATA DE CONSTITUCIÓN:	17/06/2008
NÚMERO DE SOCIAS/OS	5
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	4
ENDEREZO	R/ Costa do Vedor, 10-12, baixo B
TELÉFONO	652807742
MAIL	comba@tintiman.net
PÁXINA WEB	http://tintiman.net
PRODUTO OU SERVIZO	Producción audiovisual e de espectáculos
VALORES	Tintimán Audiovisual é o froito da alianza entre distintos profesionais do eido da cultura que decidiron xuntarse para sacar adiante proxectos audiovisuais, teatrais ou musicais nos que primase a sensibilidade, a posta en valor do patrimonio histórico e artístico galego e unha concepción das artes como elemento de dinamización sociocultural.
ASOCIACIÓN	Non

As empresas de inserción son aquelas estruturas produtivas de bens ou servizos, que teñen por finalidade primordial do seu obxecto social a incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral ordinario.

Poden ser cualificadas como tales as sociedades mercantís, sociedades laborais, sociedades cooperativas, ou calquera outro tipo de organización societaria civil ou mercantil legalmente constituída e entidades sen ánimo de lucro que cumpran cos seguintes requisitos:

- Proporcionarlles ás persoas traballadoras en procesos de inserción medidas personalizadas de apoio, como:
 - » Unha formación dirixida á aprendizaxe dunha determinada actividade profesional e a adecuación do nivel formativo, ou as competencias profesionais ás exixencias do mercado de traballo.
 - » O establecemento de pautas de funcionamento destinadas á adquisición de hábitos sociais de traballo.
 - » O acompañamento social encamiñado a satisfacer e resolver problemáticas persoais e de convivencia que poidan impedir ou dificultar o normal desenvolvemento do proceso de adaptación social.
- Ser promovidas e participadas por unha ou varias entidades promotoras, é dicir, entidades ou corporacións de dereito público ou entidades sen ánimo de lucro e fundacións cun obxecto social que inclúa a inserción social de persoas en situación ou risco de exclusión social que promovan a constitución de empresas de inserción. Esta participación debe ser polo menos do 51% do capital social no caso de sociedades mercantís, dun 49% no caso de sociedades laborais e dunha terceira parte do capital social no caso de sociedades cooperativas.
- Manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de persoas traballadoras en proceso de inserción con respecto ao total do cadro, sen prexuízo dos límites establecidos pola normativa específica de sociedades cooperativas e de sociedades laborais. En ningún caso o número de persoas en proceso de inserción debe ser inferior a dous, salvo nas empresas de catro ou menos traballadores en que polo menos deberán ter un traballador en proceso de inserción. Para o cálculo desta porcentaxe compútanse tanto as persoas traballadoras por conta allea como as persoas socias traballadores integrantes deste tipo de empresas.
- Non ter vinculados os balances, as contas de resultados e o patrimonio a actividades económicas distintas das do obxecto social.
- Aplicar o 100% dos resultados ou dos excedentes dispoñibles obtidos en cada exercicio económico á mellora ou ampliación das estruturas produtivas e de inserción, ou a programas de inserción sociolaboral das entidades promotoras.

As empresas de inserción presentes no catálogo teñen características moi diferentes. Mentres unha foi constituída fai máis de cinco anos e conta cunha persoa traballadora, a outra constituída no último ano conta con 17 persoas traballadoras.

A inserción sociolaboral por medio deste tipo de empresas vai dirixida a persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social nas que concorran un ou varios factores de exclusión seguintes:

- A discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou a enfermidade mental, en graos que dificulten pero non imposibiliten a súa inserción laboral ordinaria.
- A condición de persoa en proceso de rehabilitación e socialización normalizada, por proceder dunha situación de desestruturación persoal e familiar, de conflito coa contorna, ou rexeitamento social, tales como adiccións a drogas ou alcohol, o exercicio de prostitución, o cumprimento de penas privativas de liberdade, etc.
- A situación de cargas familiares non compartidas, agravadas por outros factores ou carencias persoais ou familiares.
- A condición de inmigrante ou emigrante retornado, cando, polas súas características ou circunstanciais persoais, presenten especiais dificultades de integración no mercado laboral.
- A condición de persoa sen fogar.
- A procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores.
- A condición de muller vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, implique especiais dificultades de integración laboral.
- A pertenza a determinadas minorías étnicas cando tal condición implique especiais problemas de integración laboral.
- Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais no contexto persoal, familiar e social da persoa, se considere que condiciona gravemente a súa empregabilidade.

Tamén poderán ser beneficiarias da inserción laboral a través de empresas de inserción:

- As persoas beneficiarias da Renda de integración social de Galicia ou prestación de natureza equivalente e outros usuarios e usuarias do Plan galego de inclusión social, así como as perceptoras de axudas a vítimas de violencia de xénero xestionadas pola Comunidade Autónoma.
- As persoas en situación ou risco de exclusión social que non accedan á dita prestación por falta do período de residencia ou empadramento, características da unidade de convivencia, obriga de alimentos, idade ou tempo máximo de percepción. As persoas desempregadas inscritas ininterrompidamente na oficina de emprego durante dous anos, as persoas desempregadas durante un período superior a doce meses maiores de corenta e cinco anos e as admitidas no programa que contempla a axuda específica denominada Renda activa de inserción que o soliciten e que a criterio do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidades asociadas, requira a súa inclusión nun proceso de inserción a través dunha empresa de inserción laboral e que, en todo caso, se atopen en situación ou risco de exclusión social.

Centros especiais de emprego

O acceso dunha persoa a unha empresa de inserción debe ir precedido da cualificación da interesada/o como beneficiaria/o, polo departamento da Administración autonómica con competencias en materia de servizos sociais. Para iso os servizos sociais do concello de residencia da persoa interesada emitirán un informe, preceptivo e non vinculante, no que se acredite a súa situación de exclusión social, de conformidade coas situacións e factores descritos e as súas especiais dificultades de acceso ao mercado laboral. Tras a cualificación da persoa interesada como beneficiaria da inserción laboral, o Servizo Público de Emprego emitirá un informe no que se acrediten, con carácter previo á formalización do contrato cunha empresa de inserción, a súa condición de demandante de emprego da persoa interesada e a súa idoneidade profesional para o posto de traballo de que se trate.

A continuación móstranse as fichas das 2 Empresas de Inserción que forman parte do catálogo:

NOME	FUNDACION CARITAS DIOCESANA SANTIAGO DE COMPOSTELA
RAZÓN SOCIAL	ARROUPA SANTIAGO EIL, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Empresa de Inserción
DATA DE CONSTITUCIÓN:	24/10/2016
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	17
ENDEREZO	Vía Isaac Peral, 5B, Polígono Industrial do Tambre
TELÉFONO	981935080/ 981554433/ 600405577
MAIL	xerencia@arroupa.es
PÁXINA WEB	www.arroupa.es (en construción)
OBJECTO SOCIAL	Recollida, clasificación en venda de roupa de segunda man
VALORES	Empresa de Inserción Laboral, titularidade da Fundación CA.DI.SAN (Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela), co obxecto de favorecer a inserción de persoas en risco de exclusión social, a través da actividade de recollida, clasificación e venda de roupa de segunda man.
ENTIDADES PROMOTORAS	Fundación Caritas Diocesana Santiago De Compostela

NOME	COMPOSTELA INSERTA
RAZÓN SOCIAL	COMPOSTELA INSERTA EIL, S.L
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Empresa de Inserción
DATA DE CONSTITUCIÓN:	06/02/2009
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	1
ENDEREZO	C/ Concheiros, 33 - 1º. 15703
TELÉFONO	981580506
MAIL	compostelainserta@gmail.com
OBJECTO SOCIAL	Incorporación ao mercado laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social
ACTIVIDADE	Prestación de servizos de limpeza e axuda a domicilio e de recollida, reciclaxe e compostaxe de residuos orgánicos de orixe vexetal
ENTIDADES PROMOTORAS	Asociación para a promoción social e a inserción laboral Plataforma polo emprego



Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións de mercado e que teñen por finalidade a integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal, asegurando un emprego remunerado á vez que prestan os servizos de axuste persoal e social que requiran estas persoas traballadoras. A súa estrutura e organización é similar ao das empresas ordinarias.

Estes centros poden ser creados por administracións públicas ou por persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens, que teñan capacidade xurídica e de obrar para ser empresarios.

Para poñer en funcionamento un centro especial de emprego é necesaria unha autorización administrativa e inscribi-lo no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego da dirección xeral competente en relacións laborais. Ademais é preciso que se cumpran os seguintes requisitos:

- Acreditar a personalidade do titular do centro.
- Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, en orde ao cumprimento dos seus fins.
- O seu cadro de persoal debe estar constituído por persoas traballadoras con discapacidade, en porcentaxe non inferior ao 70% sobre o total, con contrato laboral formalizado por escrito conforme á normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.
- Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise no seu cadro de persoal.
- As persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal deben prestar servizos dun xeito adecuado á súa capacidade de traballo e de maneira que as súas posibilidades de integración sexan reais e efectivas.
- O centro debe contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada de outras actividades do titular ou de persoas vinculadas por calquera título a este.

O 31% Centros especiais de emprego presentes no catálogo son “sen ánimo de lucro”. Entre todos dan traballo a 739 persoas. O 31% conta cun cadro de persoal de entre 11 e 30 persoas, mentres que o 25% dan traballo a entre 31 e 100 persoas. O 25% teñen unha antigüidade superior aos 5 ou 15 anos respectivamente. O 81% non contan con persoas socias, pero aqueles que as teñen rexistran unha media de 95.



Os centros especiais de emprego tamén poden ser cualificados como centros sen ánimo de lucro no caso de que a titularidade corresponda a algunha das seguintes entidades:

- Cooperativas de carácter non lucrativo.
- Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que contemplan expresamente nos seus estatutos sociais a prohibición de repartir o seu patrimonio, agás a favor de entidades do mesmo carácter.
- Sociedades de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social sexa propiedade dalgunha das entidades anteriores ou doutras de carácter público, directa ou indirectamente. No caso de sociedades de responsabilidade limitada laborais, poderá admitirse unha menor participación das devanditas entidades, sempre que acaden a máxima permitida legalmente.

Ademais, os titulares destes centros deberán ter como finalidade principal a integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e os seus beneficios deberán reinvestirse na súa totalidade no propio centro ou noutro centro sen ánimo de lucro. Para o recoñecemento da carencia de ánimo de lucro, deberá solicitarse a súa inscrición como tal no rexistro administrativo de Centros Especiais de Emprego.

A continuación móstranse as fichas dos 16 Centros Especiais de Emprego que forman parte do catálogo:

NOME	COREGAL
RAZÓN SOCIAL	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	30/08/1994
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	156
ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	981 571 241
MAIL	coregal@coregal.es
PÁXINA WEB	http://www.coregal.es/
PRODUTO OU SERVIZO	Xestión integral de residuos
VALORES	COREGAL é unha empresa dedicada á xestión integral de residuos para acadar a máxima redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos non perigosos, reincorporando ao ciclo de consumo o máximo de materiais e minimizando o seu depósito en vertedoiros. COREGAL forma parte do grupo de empresas de economía social de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).
CENTROS	Maguxe, S/N Lugar de Años Lugar Ponte do Gato, s/n Rendal
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	TRAMEVE
RAZÓN SOCIAL	TRATAMIENTO MEDIOAMBIENTAL DE VEHICULOS, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	29/12/1999
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	12
ENDEREZO	Vía de la Cierva, 90 Polígono Industrial do Tambre, 15890
TELÉFONO	981 554 707
MAIL	central@trameve.es
PÁXINA WEB	http://www.trameve.es
PRODUTO OU SERVIZO	Venda de pezas de ocasión, a taxación, recollida e tratamento de vehículos fora de uso e compra-venda de automóviles.
VALORES	TRAMEVE é un Centro de Tratamento de Vehículos ao final da súa vida útil (CAT) con procesos limpos e seguros, que respectan o medio ambiente e promoven a reutilización de pezas, fomentando o consumo responsable de recursos.
CENTRO	VIA DA CIERVA, 90 POLIGONO INDUSTRIAL DO TAMBRE
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	COINCO
RAZÓN SOCIAL	ACCEDE SOCIAL S.L
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo

DATA DE CONSTITUCIÓN	11/04/2001
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	54
ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	697 695 447 – Ext. 323
MAIL	xestion@coincotransporte.es
PRODUTO OU SERVIZO	Transporte adaptado
VALORES	COINCO ofrece servizos de transporte adaptado, posibilitando a mobilidade de grupos de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia. COINCO forma parte do conxunto de iniciativas de Economía Social de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	ACTIVA SOCIAL ETT, S.L.
RAZÓN SOCIAL	ACTIVA SOCIAL EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	20/02/2009
NÚMERO DE TRABALLADORES	40
ENDEREZO	R/ Dublín 3, 15707
TELÉFONO	600 000 416 / 600 300 032
MAIL	info@activasocial.es
PÁXINA WEB	http://www.activasocialett.com
PRODUTO OU SERVIZO	Empresa de Trabajo Temporal
VALORES	Activa Social, Empresa de Trabajo Temporal, S.L. facilita a contratación temporal para as empresas de Galicia que buscan integrar persoas con discapacidade nos seus cadros de persoal.
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	COMBINA SOCIAL
RAZÓN SOCIAL	COMBINA SOCIAL S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	20/02/2009
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	170
ENDEREZO	Cadoiro Centro de Negocios - Rúa Rep. Checa,52 - P.E. Costa Vella
TELÉFONO	981 578 698
MAIL	coordinacion@combinasocial.es
PÁXINA WEB	http://www.combinasocial.es/
PRODUTO OU SERVIZO	Organización e xestión de servizos auxiliares para empresas (Limpeza e mantemento, Celaduría e conserxería, Almacén e Loxística,...) así como a consultaría especializada en Accesibilidade Universal e Sistemas de Xestión de Calidade.

VALORES	Contribuír á integración social e laboral de persoas con discapacidade e colaborar con COGAMI en dar continuidade ás actividades que se veñen desenvolvendo para conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL
RAZÓN SOCIAL	GALEGA DE ECONOMIA SOCIAL, S.L
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	20
ENDEREZO	Rúa República Checa, 17 Polígono Costa Vella 15707 Santiago de Compostela
TELÉFONO	981 519 026
MAIL	ges@galegadeeconomiasocial.es
PÁXINA WEB	www.galegadeeconomiasocial.es
PRODUTO OU SERVIZO	Servizos de asesoría e consultoría a empresas
VALORES	Galega de Economía Social é a matriz das 10 iniciativas de Economía Social de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	ARTEGALIA ECONOMÍA SOCIAL
RAZÓN SOCIAL	ARTEGALIA ECONOMIA SOCIAL, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego
DATA DE CONSTITUCIÓN	01/01/2007
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	6
ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	881083746
MAIL	central@artegaliadistribución.es
PRODUTO OU SERVIZO	Empresa de distribución de produtos auxiliares para empresas (bolsas e embalaxes, envases e produtos dun so uso para o sector de alimentación, roupa laboral e EPs, material de oficina e outros produtos)
VALORES	Preocupación pola utilización de materiais biodegradables
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	ILUNION LAVANDERÍAS
RAZÓN SOCIAL	ILUNION LAVANDERÍAS, S.A.U
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro
DATA DE CONSTITUCIÓN	26/06/1990
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	116
ENDEREZO	Pol. I.del trambre (parcela 119)-Pasteur, 17 .

TELÉFONO	981 561 867
MAIL	rpichel@ilunion.com
PÁXINA WEB	http://lavanderia.ilunion.com/
PRODUTO OU SERVIZO	Lavandería industrial
VALORES	ILUNION quere ser un grupo social e empresarial de referencia, que aposta pola diversificación de actividades, fundamentalmente en sectores xeradores de emprego para persoas con discapacidade, garantindo a responsabilidade e a sostenibilidade social, económica e medioambiental ante un mercado economicamente global.
ASOCIACIÓN	FUNDACION ONCE. FEACEM

NOME	ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO
RAZÓN SOCIAL	ASOCIACION PARA EL EMPLEO Y LA FORMACION DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro
DATA DE CONSTITUCIÓN	30/06/2008
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	18 en Galicia, 7 en Santiago
ENDEREZO	C/Laverde Ruiz 4 bajo 15702 Santiago de Compostela
TELÉFONO	981 55 44 83
MAIL	bmozo.inserta@fundaciononce.es
PÁXINA WEB	www.portalento.es
PRODUTO OU SERVIZO	Inserción laboral del persoas con discapacidade
VALORES	Inserta Empleo é a entidade de recursos humanos da Fundación ONCE. A actividade céntrase no marco dos Programas Operativos de Inclusión e Economía Social e do PO de Emprego Xuvenil, ambos cofinanciados polo Fondo Social Europeo e a Fundación ONCE. O obxectivo fundacional é a inclusión das persoas con discapacidade, porque se traballa coas persoas e para as persoas.
ASOCIACIÓN	Non

NOME	DIXARDÍN
RAZÓN SOCIAL	COREGAL PARQUES E XARDÍNS, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego
DATA DE CONSTITUCIÓN	12/01/2001
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	31
ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	981891908
MAIL	dixardin@dixardin.es
PÁXINA WEB	www.dixardin.es
PRODUTO OU SERVIZO	Xardinería e Paisaxismo
VALORES	DIXARDÍN pertence ao conxunto de iniciativas de Economía Social de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)

ASOCIACIÓN	CEGASAL
-------------------	---------

NOME	HORNOS DE LAMASTELLE
RAZÓN SOCIAL	HORNOS DE LAMASTELLE
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	16/12/1993
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	70
ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	981631226
MAIL	administración@lamastelle.com
PÁXINA WEB	www.lamastelle.com
PRODUTO OU SERVIZO	Fabricación e distribución de empanada galega e Tarta de Santiago, así como outros produtos de panadería e repostería en distintos tamaños e formatos
VALORES	Busca a plena participación social das persoas con discapacidade (física, intelectual e sensorial) mediante a xeración de empregos. Hoxe, a empresa conta con 57 empregados con discapacidade dun total de 60 empregados: 95% do persoal ten contrato indefinido (40% con máis de 6 anos de antigüidade). Case o 10% ten discapacidade severa (máis do 65%). 50% son persoas con discapacidade física, 35% Intelectual e 15% sensorial.
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	COMPOSVALENTINA 2002 SLU
RAZÓN SOCIAL	COMPOSVALENTINA 2002 SLU
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo sen ánimo de lucro
DATA DE CONSTITUCIÓN	04/03/2015
NÚMERO DE SOCIAS/OS	0
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	3
ENDEREZO	Lugar A Centeira A Susana s/n 15706
TELÉFONO	625855058
MAIL	iago.publivalentina@gmail.com
PRODUTO OU SERVIZO	Servizo de mensaxes, recados e reparto de publicidade
ASOCIACIÓN	Non

NOME	GRAFINCO
RAZÓN SOCIAL	GRÁFICAS INTEGRALES COGAMI, S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	24/06/1998
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	14

ENDEREZO	R/ República Checa 17, Pol. Costa Vella 15707
TELÉFONO	982284421
MAIL	grafinco@grafinco.es
PÁXINA WEB	www.grafinco.es
PRODUTO OU SERVIZO	Artes Gráficas. Deseño e impresión, con ampla gama de produtos gráficos sobre todo tipo de soportes
ASOCIACIÓN	CEGASAL

NOME	ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AUTOTAXI DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO
RAZÓN SOCIAL	ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AUTOTAXI DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo
DATA DE CONSTITUCIÓN	21/02/1986
NÚMERO DE SOCIAS/OS	120
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	8
ENDEREZO	Pza. Camilo Díaz Baliño s/n. Local Int. Estación autobuses
TELÉFONO	629811454
MAIL	radiotaxicompostela@telefonica.net
PÁXINA WEB	www.radiotaxicompostela.com
PRODUTO OU SERVIZO	Servizo de taxis e radio taxi
VALORES	A Asociación Compostelana de Autotaxi do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, ten por obxecto social proporcionar ás persoas usuarias, servizos de transportes en taxi, adaptados ás necesidades ou especificidades que a persoa usuaria solicite as 24 horas os 365 días do ano, na área de Santiago de Compostela.
ASOCIACIÓN	FEGATAXI

NOME	ASPAS EMPREGO S.L.
RAZÓN SOCIAL	ASPAS EMPREGO S.L.
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Empleo sen ánimo de lucro
DATA DE CONSTITUCIÓN	26/08/2005
NÚMERO DE SOCIAS/OS	1
NÚMERO DE TRABALLADORAS/OS	17
ENDEREZO	Lg Santa Teresa de Jornet, 19, 15890
TELÉFONO	981582050
MAIL	aspasemprego@asociacionaspas.org
PÁXINA WEB	asociacionaspas.org
PRODUTO OU SERVIZO	Xardinería: Mantemento e arranxo de xardíns e zonas verdes, Froitería e Horticultura, Lavandería, Mantemento e limpeza de instalacións.

VALORES	<p>O Centro Especial de Emprego ASPAS EMPREGO xorde co fin de integración e normalización no ámbito laboral das persoas con discapacidade intelectual mediante unha relación laboral estable e semellante ao resto da sociedade.</p> <p>É unha empresa sen ánimo de lucro que proporciona os apoios necesarios ós seus traballadores para dotarlles dunha preparación profesionalizada nun entorno integrado na realidade do mercado laboral.</p> <p>Dende a súa creación trabállase cunha filosofía de mellora continua que, xunto a experiencia dos anos, permite proporcionar unha oferta de servizos profesionais e produtos de calidade que se reflicta na valoración dos nosos clientes.</p> <p>Iniciándose o camiño co servizo de Xardinería: Mantemento e arranxo de xardíns e zonas verdes, na actualidade dispónse tamén de servizos de Lavandería e de Mantemento e limpeza de instalacións. Así mesmo, ofrécense produtos de Froitería e Horticultura a establecementos polo miúdo e clientes da comarca de Santiago.</p>
ASOCIACIÓN	Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, ASPAS

NOME	INTELECTUAL, ASPAS
RAZÓN SOCIAL	ASOCIACIÓN ASPAS
TIPO DE ENTIDADE DE ECONOMÍA SOCIAL	Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro
DATA DE CONSTITUCIÓN	22/03/1967
NÚMERO DE SOCIAS/OS	165
NÚMERO DE TRABALLADORAS/ES	15
ENDEREZO	Sta. Teresa de Jornet -nº 19 (San Marcos), 15890
TELÉFONO	981582050
MAIL	aspas@asociacionaspas.org
PÁXINA WEB	asociacionaspas.org
PRODUTO OU SERVIZO	Traballos de manipulado para empresas de artes gráficas e outras, xardinería, cestería artesá, elaboración de produtos de cerámica e barro.
VALORES	<p>O centro ocupacional da Asociación ASPAS creouse por iniciativa dun grupo de pais de persoas con discapacidade intelectual para proporcionarlles a oportunidade de formarse laboralmente. Parte importante de dita formación realízase a través da execución de traballos para clientes, tanto particulares coma empresas da comarca, nos que se pon de relevo a aprendizaxe adquirida.</p>
ASOCIACIÓN	Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual, ASPAS